

FIGUEROA LORENZANA, Antón (2017): *Margot Sponer: Do galego antigo ás fronteiras da resistencia*. Santiago de Compostela: Laiovento, 128 pp.

A ética insubmisiva de Margot Sponer

Jacques Semelin salienta no fundamental estudo *Sans armes face à Hitler* (Payot, 1989), a importancia decisiva e o papel específico das mulleres europeas na resistencia civil fronte ao nazismo. Pregúntase Semelin polas razóns que levaron a estas persoas a aceptar o compromiso dunha loita individual ou colectiva, puntual ou organizada, pero sempre sen armas, ante un adversario super-armado e desprovisto de todo sentido moral. Estas persoas deseñaron o seu propio destino en circunstancias extraordinarias, e os seus actos, as súas decisións, que case sempre pagaron coa vida propia e, en ocasións, tamén coa dos seus seres máis próximos, forman parte da nosa formación ética e intelectual europea. Non sei se poderemos atopar as razóns procuradas por Semelin, mais si sei que nomear e investigar mulleres asasinadas polo nazismo como Hélène Berr, Dora Bruder, Gertrud Kolmar, Nina Reicyn, Charlotte Salomon ou Margot Sponer é un acto de mínima resistencia e de reivindicación de tantos outros nomes de mulleres que por veces nin tan sequera figuran nos insoportables e interminables listados de asasinados minuciosamente elaborados pola burocracia dos xenocidas.

Antón Figueroa, catedrático de Filoloxía Francesa da Universidade de Santiago de Compostela, dedica a unha destas figuras insubstituíbles, a romanista alemá Margot Sponer, o libro *Margot Sponer: Do galego antigo ás fronteiras da resistencia*, no que afonda e completa un texto precedente, “Sobre Margot Sponer” (*A Trabe de Ouro*, 2013, 93, pp. 17-32). É comprensible o interese intelectual e humano de Figueroa pola figura de Sponer; ambos os dous sitúan os seus estudos nunha óptica romanista aberta e intercultural, na que a curiosidade polas linguas e os lugares transloca un humanismo fundador. Antón Figueroa descobre probablemente a Margot Sponer polos

traballos pioneiros da romanista sobre o galego antigo, mais a través da súa investigación, vemos como Sponer conduce a Figueroa ás fronteiras da resistencia, porque probablemente o gran acerto deste libro é ser a un tempo a narración e o resultado dunha investigación. Para abordar a figura de Sponer Figueroa recorre a un enfoque multidisciplinar e integral, onde ás fontes arquivísticas e eruditas consultadas en varios países, se suman as visitas aos lugares da vida, os encontros persoais ou ese azar necesario que leva ao investigador á librería de vello precisa para atopar o libro que o confirma na súa busca. Porque este é un libro vivido, ou mesmo “vivaz”, adxectivo co que o hispanista e romanista Yakov Malkiel cualifica a Sponer nun texto citado por Figueroa.

Margot Sponer naceu en 1898 na cidade de Neisse –hoxe Nysa–, en Silesia, nun territorio daquela prusiano e hoxe polaco. Foi asasinada polo réxime nazi o 27 de abril de 1945 en Berlín. Margot era a cuarta dos cinco fillos de Robert Franz Sponer, industrial papeleiro, e de Elsbeth Heerde. A súa irmá maior, Hertha Sponer, foi unha física eminente, unha das primeiras doutoras nesta área en Alemaña e a primeira muller na Facultade de Física da Universidade americana de Duke, a onde a levou a súa fuxida do fascismo.

Margot Sponer realizou estudos universitarios de filoloxía en diferentes universidades europeas, decantándose para o seu exame oral de doutoramento, en 1931, por un *maior* en romanística e un *minor* en estudos árabes, aínda que tamén recibira formación en estudos clásicos e xermánicos. En 1932 superou igualmente o exame de estado para a docencia en ensino medio nas especialidades de francés e alemán. En definitiva, tiña unha gran competencia filolóxica, probablemente iniciada na Universidade de Leipzig co neogramático Eduard Sievers, e continuada en Berlín, onde

se doutora na Friedrich-Wilhelms-Universität –hoxe a Humboldt-Universität– co romanista Ernst Gamillscheg.

Xa dende os anos vinte Sponer realizou numerosas estadias formativas e de investigación en Francia, Italia, Portugal, Alxeria así como en Castela, Cataluña ou Galicia entre outros moitos lugares. O seu perfil romanista tendeu pouco a pouco cara á especialización en dúas áreas, a galicianista e a occitano-catalanista. Así, podemos destacar, por exemplo, a súa edición crítica dun manuscrito do *Llibre de Consolació d'Ermità* de Ramon Llul conservado na Biblioteca Nacional de Berlín, publicado en Barcelona en 1935.

Mais é sen dúbida a súa faceta de galicianista a que está tratada con maior detemento por Figueroa; non en van Margot Sponer é autora da que probablemente sexa a primeira tese de doutoramento realizada sobre a lingua galega, *Altgalizische Urkunden* ou *Documentos antigos de Galicia*, lida o 20 de xuño de 1935 na Universidade de Berlín, onde foi merecedora da máxima cualificación. Para este proxecto, a romanista realizou unha estadia de investigación en Galicia e Portugal nos meses de verán e outono de 1926, viaxe que a levou a percorrer as catro provincias galegas e a encontrarse con intelectuais como Pablo Pérez Costanti, Casto Sampedro ou Vicente Risco. A súa investigación tiña dúas vertentes complementarias, a transcripción paleográfica, levada a cabo en arquivos históricos, e a fonética e a dialectoloxía, disciplinas que esixían un traballo de campo que a conduciu a lugares como Sarria, Betanzos, Allariz ou aos montes do Cebreiro que percorreu dacabalo. A prensa da época fíxose eco desta visita, froito da cal Margot Sponer publicou en 1927 no nº 37 da revista *Nós* o artigo “Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega”. Na primavera dese mesmo ano de 1926 rematara a súa segunda campaña fotográfica en Galicia a estadounidense Ruth Matilda Anderson.

Dende 1927, ao regreso da súa estadia, Sponer aparece xa como docente no Departamento de Estudos Estranxeiros da Universidade de Berlín, ao mesmo tempo que redacta a súa tese, vinculada ao Romanische Seminar desta universidade, dirixido por Ernst Gamillscheg, seminario de gran renome internacional polo seu dinamismo e a calidade da súa produción científica. O nome de Margot Sponer aparece nas crónicas das actividades deste seminario redactadas por xornalistas, visitantes, conferenciantes ocasionais, lectores ou estudantes

de paso por Berlín. Así, Figueroa destaca, entre outras, as alusións a ela nos artigos de Felipe Fernández Armesto (Augusto Assía) ou Luís Tobío, así como na correspondencia e en *Mittleuropa* (1934) de Risco. Francisco Ayala, Américo Castro ou Xavier Zubiri, entre outros, trataron a Margot Sponer nas súas estadias berlinesas.

Sabemos da continuidade do labor investigador de Sponer polas súas estadias en Madrid, vinculadas ao Centro de Estudios Históricos, ou en Barcelona, así como en misións en Occitania, en Les Baux-de-Provence, onde precisamente entra en contacto coas familias Morey e Dupuy, ás que a unirá unha grande amizade; moitos anos despois, nas canteiras de Les Baux, Jean Cocteau rodará *Le Testament d'Orphée* (1960), coa actriz galega María Casares. Sabemos tamén da súa gran implicación no fomento das redes de intercambios escolares lingüísticos, chegando a acoller ela mesma na súa casa de Berlín a fillos de amigos franceses que viñan seguir cursos de alemán na capital.

A súa vitalidade, compromiso e apertura aos outros quizais non fosen suficientes nunha universidade alemá onde as mulleres investigadoras aínda eran a excepción, e onde as estudantes debían servir nas recepcións aos seus compañeiros homes e aos profesores. Quizais a súa condición de muller e a súa ideoloxía progresista e europeísta non a favorecesen nas políticas internas dun departamento xerárquico e conservador. Así, tras a visita de Gamillscheg a Galicia en 1931 –proba da continuidade dos contactos galegos co Romanische Seminar– é o profesor Günter Reichenkron, axudante e alumno de Gamillscheg, quen realiza unha longa estadia como docente e investigador en Galicia en 1932, invitado polo Seminario de Estudos Galegos, decisión cando menos sorprendente, tendo en conta o tema da tese que naquel momento ocupaba a Sponer, quen, por outra banda, fora proposta como nova integrante polo mesmo Seminario de Estudos Galegos en 1926.

A partir de 1933, o acceso ao poder do partido nazi, a guerra civil española e a segunda guerra mundial cambiarán o destino de Margot Sponer e de tantas mulleres antifascistas alemás e europeas. Antón Figueroa describe polo miúdo os avatares do proceso de impresión da tese de Sponer, realizada en Palma de Mallorca por Francesc de Borja Moll. Esta vinculación catalá do Seminario é a que fixo posible, en 1934, a publicación dunha primeira parte

da tese, “Documentos antigos de Galicia” no *Anuari de l’Oficina Romànica de Lingüística i Literatura* (Barcelona, 7, pp. 113-192). Outras dúas entregas estaban previstas, mais a súa edición foi definitivamente interrompida pola guerra civil. Malia todo, a universitaria seguiu adiante co traballo de impresión do conxunto da súa investigación doutoral, que presentou, como xa dixemos, en xuño de 1935. As condicións materiais eran cada vez máis complicadas para ela, o réxime nazi restrinxía a concesión de visados e a saída de divisas do país. As cartas translocen una situación persoal de alerta permanente, con claros indicios de espionaxe da correspondencia, á que se suman a fuxida da súa irmá, a enfermidade e posterior falecemento do seu pai, e cambios de enderezo en Berlín.

No contexto universitario, a misoxinia latente e o medo ao pensamento libre converxeron nas leis de depuración e nazificación da universidade alemá, que tiveron como consecuencia a expulsión dun gran número de docentes e a regulación da presenza feminina universitaria. En 1940, Gamillscheg trasládase á Universidade de Bucarest; o Romanische Seminar decae rapidamente coa infiltración de dirixentes de Falanxe na docencia da lingua española na Universidade de Berlín. Celia Giménez Costeira, xefa da Sección Feminina no Reich, e Teodosio Noeli y Uthoff, tradutor ao alemán de José Antonio Primo de Rivera e axente da espionaxe aos exiliados republicanos no estranxeiro, serán os novos compañeiros de departamento de Margot Sponer, quen será expulsada da universidade en base aos seus informes negativos. Muller valente e afirmada, reclamará dita expulsión, reclamación non atendida pola súa facultade, que a expulsa definitivamente o 1 de outubro de 1942.

Hoxe sabemos que as redes romanistas da investigación para a paz e o contacto entre culturas, tecidas despois da primeira guerra mundial, serviron para exfiltrar persoas xudías e

opoñentes ao réxime nazi, así como para tentar intermediacións diplomáticas. Margot Sponer formou parte desa resistencia civil alemá antinazi, tal e como pon en evidencia a investigación de Figueroa. O seu compromiso humanista intercultural, que axudara ao intercambio dos xoves que se coñeceran durante a paz e que se enfrontaban agora na guerra, foi por exemplo decisivo para que o resistente francés Bernard Morey salvase a vida cando foi detido polo ocupante alemán.

Sponer tomou a decisión de ficar en Berlín, dende onde activaba, infatigable, a súa rede de contactos, preservando vidas, ofrecendo apoio a persoas moi marcadas polo réxime, enviando ao seu amigo Bernard Morey unha carta, diñeiro e un paquete ao campo de concentración de Neuengamme; Bernard tan só recibiu a carta e un anaco de pan nun paquete desvalixado, mais nel viña sen dúbida a forza necesaria para sobrevivir á barbarie en febreiro de 1945. Margot Sponer estaba xa certamente daquela no punto de mira da policía política do Reich. Dous meses máis tarde sería asasinada, o 27 de abril. Berlín réndese o 2 de maio. Os seus compañeiros de piso testemuñaron como os tres integrantes das SS que viñeron buscala ao seu domicilio levárona a ela e todos os seus papeis, arquivos e documentación. Tan só deixaron os dicionarios.

Antón Figueroa evoca con emoción o volume de *Altgalizische Urkunden* conservado na Staatsbibliothek de Berlín, memoria viva dunha romanista insubmisas. As súas páxinas galegas moi ben puideran ser as que consulta, nesa mesma biblioteca, algún dos lectores contemplados polo Homero de Wim Wenders no seu *Ceo sobre Berlín*. O fascismo equivocouse ao deixar os dicionarios.

María Lopo
IES do Sar (Santiago de Compostela)
maria.lopo@gmail.com